



Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial

## CONVOCATORIA 2020 PARA A INCORPORACIÓN A ITMATI, OU RENOVACIÓN, DE MEMBROS ADSCRITOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO.

En Santiago de Compostela, a 22 de xullo de 2020

O Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI) abre un novo proceso de adscrición de investigadores, no ámbito da Matemática Industrial, das universidades membros do Consorcio ITMATI, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

Este proceso regularase segundo o establecido no artigo 24 dos [estatutos de ITMATI](#) publicados no DOG de 4 de marzo de 2013 e rexerese polo convenio entre ITMATI e as tres universidades membros dos consorcio, asinado con data 24 de marzo de 2014, no relativo a persoal adscrito. A lista de investigadores adscritos que xurda deste novo proceso de adscrición será recollida na correspondente actualización do Anexo I do mencionado convenio, mediante unha Addenda ao mesmo; a data efectiva da adscrición a ITMATI para as novas adscricións será a da sinatura da correspondente Addenda.

### Obxectivo da adscrición:

O persoal investigador das universidades participantes no Consorcio ITMATI poderán adscribirse a ITMATI para realizar tarefas de transferencia directamente relacionadas cos obxectivos e a misión de ITMATI tal e como se recolle nos seus Estatutos. En particular, os investigadores adscritos achegarán as súas capacidades científico tecnolóxicas, na procura de prestación de servizos tecnolóxicos ás empresas e administracións públicas que xeren un valor engadido no tecido industrial, a través da transferencia de tecnoloxías matemáticas que incrementen a súa competitividade e produzan innovacións que melloren e consoliden a súa posición no mercado global, tal e como se recolle no Convenio de Creación de ITMATI entre as universidades participantes no Consorcio, asinado o 7 de febreiro de 2013 e no convenio de colaboración entre ITMATI e as tres universidades membros dos consorcio, asinado con data 24 de marzo de 2014.

O persoal adscrito a ITMATI manterá os seus dereitos e deberes na súa institución de orixe establecidos na normativa que sexa de aplicación, e permanecerá na situación administrativa e laboral que corresponda.

De xeito xeral, o persoal das universidades que se adscriba a ITMATI farao segundo o recollido no artigo 24 dos estatutos de ITMATI, e as normativas internas en vigor, que, para o desenvolvemento do mencionado artigo, aproben os órganos de goberno de ITMATI. En

**Instituto Tecnolóxico  
de Matemática Industrial**

[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357

1



todo caso, o persoal adscrito deberá contar coa autorización expresa que marque a normativa en vigor na entidade de procedencia.

O persoal adscrito a ITMATI utilizará as instalacións, servizos e equipamentos de ITMATI nas mesmas condicións que o resto de membros de ITMATI. Para esta utilización, o persoal adscrito deberá respectar as normativas, regulacións e procedementos que establece ITMATI.

As actividades nas que participen o persoal investigador adscrito a ITMATI, que inclúan transferencia efectiva de coñecemento, recollidas no ámbito de colaboración da cláusula terceira do Convenio de Creación de ITMATI asinado entre a UDC, USC e UVigo o 7 de febreiro de 2013, terán a consideración de actividade propia de ITMATI e da entidade consorciada, independentemente do organismo a través do cal se leve a cabo. En todo caso, o recoñecemento da propiedade intelectual e industrial destas actividades rexerá polo convenio de colaboración entre ITMATI e as tres universidades de data 24 de marzo de 2014.

#### **Procedemento de renovación da adscrición de investigadores a ITMATI**

Nesta nova convocatoria 2020 contemplase o proceso de renovación automática da adscrición, por tres anos máis, para aqueles investigadores adscritos previamente a ITMATI, que sigan pertencendo a unha universidade membro do Consorcio, e que renovasen a adscrición ou solicitasen a inscrición por primeira vez na convocatoria de adscrición 2017 e que non gozasen dunha suspensión da súa adscrición polas razóns especiais recollidas na resolución da convocatoria de adscrición aprobada no Consello de Goberno (CG) de ITMATI do 11 de outubro e do 19 de decembro de 2017.

De acordo co aprobado no Consello de Goberno de ITMATI, de data 22 de xullo de 2020, esta renovación automática levarase a cabo si se verifican os dous requisitos seguintes:

1. Ter participado nun contrato con empresa ou nun proxecto competitivo coa participación de empresas nos últimos seis anos.
2. Durante o último período de adscrición ao Centro se sumen ao menos dous indicadores positivos entre os seguintes items:
  - i. Ter participado nun contrato con empresas a través do Centro e cunha dedicación de a lo menos un 10% sobre o total de dedicación dos investigadores adscritos.
  - ii. Ter sido membro do Comité Organizador ou do Comité Científico dunha actividade promovida ou coorganizada por ITMATI, e celebrada durante o período da última adscrición.

**Instituto Tecnolóxico  
de Matemática Industrial**

[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357



- iii. Ter sido coordinador académico ou especialista invitado en un Study Group ou nunha Modelling Week coorganizada por ITMATI, e celebrada durante o período da última adscrición.
- iv. Ter sido poñente nalgunha actividade directamente relacionada coa transferencia de coñecemento como Investigador Adscrito a ITMATI durante o período da última adscrición.
- v. Ter participado en reunións promovidas polo Centro para dar resposta a lo menos a dúas demandas de empresas durante o período da última adscrición.
- vi. Ter participado no equipo de traballo de prepropostas para dar resposta a lo menos a dúas demandas de empresas durante o período da última adscrición.
- vii. Ter participado ao menos en tres eventos de transferencia promovidos ou coorganizados polo centro durante o período da última adscrición.
- viii. Ter participado nalgún órgano de dirección do Centro como investigador adscrito (CE, CCT ou CG) durante o período da última adscrición.

Soamente se pode contabilizar cada item deste segundo requisito unha única vez agás o 2.i do que se poderían presentar as dúas aportacións necesarias para verificar o segundo requisito.

Os proxectos ou contratos de transferencia deben ser acreditados mediante un certificado da entidade, se é externa a ITMATI, a través da cal se realizaron. No caso de achegar como mérito un proxecto competitivo, a transferencia acreditarase, ademais, ben mediante a composición do consorcio de entidades beneficiarias do proxecto, na que se reflecta participación de entidades non académicas que reciben a transferencia, ou ben mediante a publicación de artigos nos que polo menos un dos seus coautores teña como entidade de adscrición unha non académica.

Os investigadores que desexen participar neste proceso de renovación da súa adscrición a ITMATI, deberán cubrir o impreso *Solicitud\_Renovación\_Adscrición*, dispoñible en [www.itmati.com](http://www.itmati.com), e remitir a súa solicitude, ao correo [itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com), indicando no asunto *Solicitud de renovación de adscrición a ITMATI 2020*. Unha vez cotexada a información aportada polo investigador cos rexistros internos de ITMATI, a Comisión Executiva fará unha proposta de renovación á Comisión Científico Técnica do Centro, que deberá darlle o visto e prace para que o Consello de Goberno proceda a ratificar a adscrición.

**Instituto Tecnolóxico  
de Matemática Industrial**

[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357



Contra a Resolución do Consello de Goberno poderase presentar unha reclamación no prazo de dez días hábiles desde a recepción da comunicación da decisión, a través dun escrito ao correo electrónico [itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com).

Para os investigadores que teñan unha avaliación positiva, ITMATI, en nome dos investigadores, solicitará á universidade de procedencia a autorización para a renovación da súa adscrición. Os investigadores que renoven a súa adscrición a ITMATI regularán a súa actividade de acordo co convenio de colaboración suscrito entre ITMATI e as tres universidades membros do Consorcio. O período de prórroga da adscrición será de tres anos prorrogables.

#### Calendario procedemento de renovación:

- Presentación da solicitude de renovación: ata o 15 de setembro de 2020.
- Data de resolución do Consello de Goberno: Período máximo dun mes desde a data anterior.

#### Procedemento xeral:

1. Este procedemento xeral estará aberto tanto para os investigadores das universidades membros do Consorcio que non están aínda adscritos a ITMATI, como para os que estando adscritos non haxan optado polo procedemento de renovación de adscrición indicado no punto anterior, ou habendo optado por él non o houberan superado.
2. Os membros do PDI das universidades que desexen adscribirse a ITMATI, deberán cumprimentar a solicitude cubrindo o impreso Solicitude\_Nova\_Inscripción, dispoñible na páxina web [www.itmati.com](http://www.itmati.com), e enviar un Currículum Vitae referido aos últimos seis anos, xunto cunha breve (non máis de dous folios) descrición das liñas de investigación orientadas a potenciar a transferencia de tecnoloxía que realizará durante a súa adscrición a ITMATI e as áreas de transferencia nas que esas liñas serían aplicables. Poderá esixirse que os méritos achegados sexan xustificados mediante certificado expedido pola institución a través da cal se realizou a actividade. Así mesmo, os interesados poden axuntar a súa solicitude calquera outra documentación adicional que consideren de interese para acreditar a súa candidatura.

Instituto Tecnolóxico  
de Matemática Industrial

[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigacións Tecnolóxicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357



Os investigadores que desexen participar nesta convocatoria de ITMATI enviarán a súa solicitude ao correo [itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) indicando no asunto *Solicitud de Adscrición a ITMATI 2020*.

3. As solicitudes de adscrición a ITMATI serán valoradas pola Comisión de Avaliación designada, para ese efecto, pola Comisión Científico Técnica de ITMATI. A composición da Comisión será mixta, sendo as súas tres quintas partes constituída por expertos externos aos membros do Consorcio ITMATI, e farase pública unha vez finalizado o período de avaliación.
4. As conclusións da Comisión de Avaliación deberán ser ratificadas pola Comisión Científico Técnica de ITMATI. Esta Comisión remitiraas ao Consello de Goberno de ITMATI e ás tres universidades.
5. Para os investigadores que teñan unha avaliación positiva, ITMATI, en nome dos investigadores, solicitará á universidade de procedencia a autorización para a súa adscrición. Os investigadores que se adscriban a ITMATI regularán a súa actividade de acordo có convenio de colaboración suscrito entre ITMATI e as tres universidades membros do Consorcio. O período de adscrición será de tres anos prorrogables.
6. Os investigadores que non poidan acreditar a experiencia en transferencia de tecnoloxía matemática, ou que non obtivesen unha avaliación positiva poderán vincularse a ITMATI como persoal colaborador a un proxecto determinado de acordo có establecido no artigo 25 dos estatutos de ITMATI.

#### **Criterios de adscrición:**

Os criterios de adscrición e os correspondentes pesos, aprobados pola Comisión Científico Técnica de ITMATI para esta convocatoria 2020, son os seguintes:

1. A experiencia acreditada, previa e exitosa de transferencia de tecnoloxía matemática (50%). Esixírase un mínimo de dous contratos ou proxectos de transferencia nos últimos seis anos nos que houberse participación de polo menos unha empresa ou institución non académica, e que deben ser acreditados mediante un certificado da entidade, se é externa a ITMATI, a través da cal se realizaron. No caso de achegar como mérito un proxecto competitivo, a transferencia acreditarase, ademais, ben mediante a composición do consorcio de entidades beneficiarias do proxecto, na que se reflecta participación de entidades non académicas que reciben

**Instituto Tecnolóxico  
de Matemática Industrial**

[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357



Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial

a transferencia, ou ben mediante a publicación de artigos nos que polo menos un dos seus coautores teña como entidade de adscrición unha non académica..

2. A calidade científica dos candidatos (30%).
3. A afinidade da súa experiencia nos puntos 1 e 2 anteriores cos fins de ITMATI (10%).
4. Disponibilidade para participar nas actividades de ITMATI sempre que estean relacionadas co seu ámbito de actuación (10%).

### Calendario procedemento xeral

- Presentación das solicitudes por parte dos investigadores: ata o 2 de novembro de 2020.
- Avaliación das solicitudes por parte da Comisión de Avaliación e envío da proposta á Comisión Científico Técnica: Período máximo dun mes dende a data anterior.
- Reunión da Comisión Científico Técnica e elevación da proposta ao Consello de Goberno: Período máximo dun mes desde recepción da Acta da Comisión de Avaliación.
- Contra a Resolución do Consello de Goberno poderase presentar una reclamación no prazo de 10 días hábiles desde a recepción da comunicación da decisión, a través dun escrito ao correo electrónico [itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com).

Peregrina Quintela Estévez  
Directora de ITMATI.



Salida:

22 / 07 / 2020

Nº Registro:

134

**Instituto Tecnolóxico  
de Matemática Industrial**

[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357

6

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: PEREGRINA QUINTELA ESTEVEZ, NIF 36038289A, 22/07/2020 17:29:25.

CSV: 62A8-489D-4780-B4D6